

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 17 DE AGOSTO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 17 de agosto de 2015

HORA DE COMEZO: 20:32 h.

HORA DE REMATE: 20:55 h.

ASISTENTES: D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos (alcaldesa en funcións), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela.

SUPLENTES: D<sup>a</sup> Tania Castro Paredes.

Baixo a presidencia da Sra. alcaldesa en funcións, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 3 E 10 DE AGOSTO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 3 de agosto de 2015.

Así mesmo, quedou pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 10 de agosto de 2015.

**URBANISMO E PATRIMONIO**

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 13 DE AGOSTO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

**2.A) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:**

**EXPEDIENTE Nº 25.548.-** En relación coa solicitude de autorización previa para instalación de unha piscina cuberta con instalacións de depuradora, promovido por D. G., a Xunta de Goberno Local, acorda:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o expediente de autorización autonómica presentado por D. G., no senso de tramitar en solo rústico de protección de espazos naturais autorización autonómica para a construción de piscina descuberta e instalación de depuración de augas, rede de sumidoiros, produción de enerxía solar e almacén na Caranguexa-Donón-Cangas, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto Marta Gutiérrez de data abril de 2015. **O uso é autorizable pola Comunidade Autónoma en virtude do disposto nos artigos 33 e 39 e a DT 1 f) da LOUGA.**

2.B) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

**EXPEDIENTE Nº 20.257.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR C. P. E.**

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal o día 11 de agosto de 2015, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a C. P. E., para vivenda, sita en Gandón-Aldán, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 19.864.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

**EXPEDIENTE Nº 24.018.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR C. E. N. F.**

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal o día 7 de agosto de 2015, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a C. E. N. F., para vivenda sita en Camiño Vello de Rodeira-Cangas, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 23.034.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

**EXPEDIENTE Nº 24.480.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR A. I. O. C.**

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal o día 11 de agosto de 2015, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a A. I. O. C., para vivenda sita no Viso-O Hío, parcela nº 1, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 23.439.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.264.- J. H. D., cerramentos en Mendiúña, nº 29-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.266.- J. H. D., cerramentos en Mendiúña, nº 29-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.343.- LUIS HERNANDEZ ALVAREZ, S.L., substitución de tela metálica de cerramento en Balea, nº 1-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.502.- "ASESORES 2000, S.L.U.", reforma de acabados interiores en Areabrava-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.558.- M. G. C., reparación cerramento en Boubeta, nº 25-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.561.- R. M. C., cambio material de cubrición en Eirado do Señal, nº 10-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25-564.- C. G. D., cerramento na Cruz de Castro-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.574.- M. F. C. I., pintado exterior vivenda en Vilanova-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.575.- M. G. F., substitución material de cubrición en Piñeiro, nº 17-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.579.- C. R. V., cambio de tella en Barrio das Flores, nº 17-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.583.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO SALGUEIRON, impermeabilización de terrazas na Avda. de Bueu, nº 23-25-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.589.- J. M. C., cerramento en Gandón-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.597.- P. B. C., cambio de azulexo en baño e pintado paredes local na Avda. Méndez Núñez, nº 27-1º-Cangas.

#### **4º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE URBANISMO E PATRIMONIO S/EXCLUSIÓN DAS NAVES DE OJEA QUE CONTAN COA CONCESIÓN DA SOLICITUDE DE DESAFECTACIÓN DE COSTAS**

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

#### **SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE**

#### **5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 13.8.15, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

##### *"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Visto o informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*\* Baixa do SAF de J.M.G., pola quenda de dependencia con expediente nº 36008/02/000717-47306, por falecemento."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

#### **6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE ALOXAMENTO TEMPORAL POR SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL (SAT)**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 13.8.15, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Aloxamento Temporal por situacións de emerxencia social (SAT), que di:

##### *"PROPOSTA DE ACORDO*

*Estanislao Graña García xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra),*

*Con relación no Servizo de Aloxamento Temporal en situacións de emerxencia social e visto o informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:*

*\* A baixa de E.V.I., con expediente núm.36008/02/02549, por acadar un novo aloxamento."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita.

## **MEDIO AMBIENTE E TURISMO**

### **7º.- ESCRITO DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA S/PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS PARA O FOMENTO DA ACCESIBILIDADE E SINALIZACIÓN NOS RECURSOS TURÍSTICOS NO MEDIO RURAL**

Dáse conta de escrito da Axencia de Turismo da Xunta de Galicia no que se comunica ao Concello de Cangas da proposta de resolución provisional de concesión de subvención para o fomento da accesibilidade e sinalización nos recursos turísticos no medio rural, para o proxecto de "ACONDICIONAMENTO DO PASEO PRAIA DA CONGORZA-PRAIA DE AREAMILLA-DARBO-CANGAS", cunha subvención proposta de TRINTA MIL SEISCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (30.693,16 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda tomar coñecemento e aceptar a concesión de subvención de TRINTA MIL SEISCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (30.693,16 €), proposta pola Axencia de Turismo, para o proxecto de "ACONDICIONAMENTO DO PASEO PRAIA DA CONGORZA-PRAIA DE AREAMILLA-DARBO-CANGAS".

## **MOBILIDADE E TRANSPORTE**

### **8º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS**

#### **8.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
A. P. B.	Estrada de Aldán, núm. 48-Aldán. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>
C. S. R.	Areacova, núm. 49-Aldán. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

### 8.A.2) CAMBIO DE TITULARIDADE DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE

Visto o escrito presentado o día 3.8.15 por M. G. G., na que reclama a baixa de sinal de pasaxe permanente correspondente pola vivenda sita en Pedreira, nº 20-Canabal (Camiño da Garita)-Rodeira, por terse vendido a vivenda referida no ano 2003, polo que o sinal nº 177 de pasaxe permanente que figura a nome do seu pai, A. G. C., solicita o cambio de titularidade ou a baixa do referido sinal.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 6.8.15 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

*"Nº REX: 1248/15*

*ASUNTO: CAMBIO TITULARIDADE DE PASAXE PERMANENTE Nº 177.*

*A Policía Local de Cangas con relación o escrito presentado por M. G. G., onde solicita cambio de titularidade da placa de pasaxe permanente nº 177.*

*Por parte desta policía infórmase que xa non hai placa de pasaxe permanente colocada, e a interesada deberá presentar a escritura de venta da casa e en taxas modificar a titularidade de dita licenza."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda comunicar á Sra. G. G., que para a tramitación da súa solicitude deberá presentar a escritura de venta da casa e en taxas modificar a titularidade de dita licenza.

### 8.A.3) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de

pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

<b>NOME</b>	<b>LUGAR INSTALACIÓN</b>
A. F. F.	Baixada á Praia de Nerga, nº 114-O Hío. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente, debendo indicar o solicitante o número do sinal, así como, xustificar o titular do pasaxe permanente. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o número do sinal e á concesión dun número novo.

## 8.B) SOLICITUDES DE INSTALACIÓN DE ESPELLOS

### 8.B.1) SOLICITUDE DE M. E. L. C.

Vista a solicitude presentada o día 20.7.15 por M. E. L. C., na que demanda a instalación de un espello para poder entrar e saír a súa vivenda sita no lugar de Baixada ao Rapallo, nº 15-O Hío, por tratarse a zona dunha curva perigosa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade co informe emitido o día 6.8.15 pola Policía Local, acorda aprobar a solicitude da Sra. L. C., para a instalación de espello no lugar de Baixada ao Rapallo, nº 15-O Hío, por tratarse dunha curva con visibilidade reducida e porque a saída ademais de perigosa, cadra en baixada.

### 8.B.2) SOLICITUDE DE J. A. S. F.

Vista a solicitude presentada o día 29.7.15 por J. A. S. F., na que demanda a instalación de un espello para poder saír da súa vivenda sita no lugar de Herbelo, nº 101-A Madalena-Darbo, por tratarse a zona dunha curva con visibilidade reducida.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade co informe emitido o día 6.8.15 pola Policía Local, acorda aprobar a solicitude do Sr. S. F., para a instalación de espello no lugar de Herbelo, nº 101-A Madalena-Darbo, por tratarse a zona dunha curva con visibilidade reducida á saída da vivenda.

### 8.B.3) SOLICITUDE DE D. O. V.

Vista a solicitude presentada o día 14.7.15 por D. O. V., na que demanda a instalación de un espello para poder saír da súa vivenda sita en Camiño de Fontenova, nº 29-O Igrexario-O Hío, por tratarse a zona dun cruce de camiños con visibilidade reducida.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade co informe emitido o día 30.7.15 pola Policía Local, acorda aprobar a solicitude da Sra. Otero Vidal, para a instalación de espello no lugar de Camiño de Fontenova, nº 29-O Igrexario-O Hío, por tratarse a zona dun cruce dos camiños de Fontenova á Madalena no Hío, con escasa visibilidade á saída da vivenda.

#### 8.B.4) SOLICITUDE DE L. G. G.

Vista a solicitude presentada o día 21.7.15 por L. G. G. na que demanda o pintado de amarelo (sinalización horizontal), así como a instalación de un espello, na entrada do garaxe, para poder entrar e saír da súa vivenda sita en Rúa David Cal, nº 27-B-O Hío, por tratarse a zona dunha curva con visibilidade reducida.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 30.7.15 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

*"Nº REX: 1162/15*

*ASUNTO: PEDIMENTO DE PINTADO E ESPELLO EN RÚA DAVID CAL, 27.*

*A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por L. G. G., onde solicita pintado e espello para entrada do garaxe.*

*Por parte desta policía non existe inconveniente en que se pinte a entrada do garaxe.*

*Con relación ao espello, como se trata da saída dunha propiedade privada e polo tanto dun interese particular e por non tratarse dunha intersección de uso común ou de interese público xeral para o resto de condutores, esta policía considera que non se debería instalar espellos públicos nestas circunstancias.*

*Non existe inconveniente en que se autorice custeando os gastos de compra e colocación pola conta do interesado."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda aprobar a solicitude do Sr. G. G., para a sinalización horizontal (pintado de amarelo) na entrada do garaxe, e denegar a instalación de espello, por tratarse de saída dunha propiedade privada.

#### 8.C) SOLICITUDES DE RESTRICIÓN DE TRÁFICO NO CAMIÑO DE VILARIÑO

Examinada a solicitude presentada o día 30.7.15 por B. L. C. C., na que demanda a restrición do tráfico a un so sentido de circulación no lugar de Camiño de Vilariño, por ser unha zona problemática para o tráfico rodado.



Visto, así mesmo, o informe emitido o día 6.8.15 pola Policía Local, que indica o seguinte:

*"Nº REX: 1247/15*

*ASUNTO: SOLICITUDE DE RESTRICIÓN DE TRÁFICO NO CAMIÑO DE VILARIÑO*

*A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por B. L. C. C., en representación da comunidade de propietarios do Edificio 'Vereda', onde solicita a restricción do tráfico no Camiño de Vilariño a un so sentido de circulación.*

*Por parte desta policía non existe inconveniente en autorizar o solicitado e proceder a colocar sinalización horizontal delimitando a calzada cunha liña continua, deste xeito queda xa delimitado o espazo de rodadura onde non se pode estacionar."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, e polo tanto, proceder a delimitar a calzada do Camiño de Vilariño cunha liña continua.

#### 8.D) SOLICITUDE DE PRAZA ESTACIONAMIENTO PARA DISCAPACITADOS NO ESPÍRITO SANTO

Vista a solicitude presentada o día 17.7.15 por R. G. R., na que demanda a delimitación de unha praza de estacionamento para discapacitados no lugar do Espírito Santo.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 30.7.15 pola Policía Local, que di o seguinte:

*"Nº REX: 1165/15*

*ASUNTO: PRAZA ESTACIONAMIENTO PARA DISCAPACITADOS NO ESPÍRITO SANTO*

*A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por R. G. R., para en Camiño do Telleiro-O Espírito Santo, nº 6A-Coiro, solicita unha praza de estacionamento para discapacitados preto da súa vivenda.*

*Por parte desta policía non existe inconveniente en que se habilite o solicitado, sendo o lugar mais axeitado, dado o estreito da rúa, é enfronte do nº 6B, xa que fai un ancho onde estacionan outros vehículos (achégase fotografía do lugar)."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar

integramente o informe emitido pola Policía Local, e polo tanto, proceder a delimitar unha praza de estacionamento para discapacitados enfronte do nº 6B do Camiño do Telleiro.

#### 8.E) SOLICITUDE DE PROHIBICIÓN DE ESTACIONAMENTO EN CAMIÑO DOS PINOS

Vista a solicitude presentada o día 3.8.15 por C. C. C., na que demanda a prohibición do estacionamento no lugar de Camiño dos Pinos, nº 30-O Espírito Santo-Coiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda proceder á sinalización, con pintado de liña amarela, o fronte e lateral do nº 30 do Camiño dos Pinos.

#### **URXENCIAS**

#### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) ACORDO PARA HABILITAR A PRAIA DA CONGORZA COMO PRAIA PARA PERSOAS ACOMPAÑADAS DOS SEUS ANIMAIS DOMÉSTICOS, CONCRETAMENTE CANS**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda habilitar a Praia da Congorza, como praia para persoas acompañadas dos seus animais domésticos, concretamente cans, para o que se ten que proceder a realizar o seguinte:

- Habilitar a Praia da Congorza como praia apta para a presenza de cans, sendo esta a única praia de todo o término municipal ao que queda permitido acceder con animais domésticos da especie can.

- Acórdase, segundo a modificación da Ordenanza de uso e disfrute de praias do término municipal de Cangas, dotar dita praia do seguinte:

a) 1 cartel indicativo: *"Areal habilitado para o acceso con cans"*.

b) 2 papeleiras para feces animais establecidos no acceso á praia.

c) Cartel informativo co seguinte texto:

*"ADVERTENCIA:*

*Existe un informe da APYMA que desaconsella a presenza de animais nas praias dado que as deposicións caninas, tanto líquidas como sólidas, conteñen gran cantidade de bacterias e microorganismos. Estas deposicións, se non son recollidas no momento, poden infectar a area da praia e, unha vez en contacto co ser humano, pode producir borrielse, ehrlichiose, salmonelose, etc. así como fungo e parásitos.*

*Polo tanto, é obriga do/a propietario/a dun animal doméstico:*

*- Recoller as feces animais e depositalos na papeleira correspondente.*

*- Vixiar o correcto comportamento do seu animal doméstico."*

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente